

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026376	Punta Candieira	Cedeira	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0233	Electrónica	2023/2024	4	107	128
MP0233_12	Electrónica dixital	2023/2024	4	45	54
MP0233_22	Electrónica analóxica	2023/2024	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ MACHO EIRAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Os compoñentes de esta programación didáctica están desenvolto de acordo co Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Así como, coa Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado, das ensinanzas de formación profesional inicial en Galicia.

O desenvolvemento didáctico e a programación do módulo obtense a partir do Decreto 28/2010, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en instalacións eléctricas e automáticas en Galicia.

O ciclo formativo en Instalacións Eléctricas e Automáticas está dividido en 12 módulos profesionais, como unidades coherentes de formación necesarias para obter o título de Técnicos en instalacións eléctricas e automáticas. A duración establecida para este ciclo é de 2.000 horas incluída a formación en centros de traballo.

Este Ciclo Formativo, que forma aos futuros Técnicos en instalacións eléctricas e automáticas, debe dar resposta ás necesidades educativas que a sociedade actual esixe aos futuros traballadores, para a súa posterior integración laboral nas diversas empresas do sector da electricidade-electrónica, onde se precisa persoal cualificado non só desde o punto de vista técnico, senón con capacidade de colaborar no deseño ás ordes dun enxeñeiro proxectista na oficina técnica, ou de control e xestión de obra civil, como mando intermedio dunha ou varias cuadrillas.

O módulo formativo de Electrónica, incluído neste ciclo formativo, ten unha duración de 107 horas e está asociado ás Unidades Formativas: MP0233_12 Electrónica dixital, MP0233_22 Electrónica analóxica.

É importante que as realizacións que se expón como básicas teñan como punto de referencia o sistema produtivo da comarca e en concreto a ocupación ou o posto de traballo que poden desempeñar os técnicos que realizan este módulo.

Esta figura profesional exerce a súa actividade en pequenas e medianas empresas, nomeadamente privadas, dedicadas á montaxe e ao mantemento de infraestruturas de telecomunicación en edificios, máquinas eléctricas, sistemas automatizados, instalacións eléctricas de baixa tensión e sistemas domóticos, tanto por conta propia como por conta allea.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Instalador/ora mantedor/ora electricista.

Electricista de construción.

Electricista industrial.

Electricista de mantemento.

Instalador/ora mantedor/ora de sistemas domóticos.

Instalador/ora mantedor/ora de antenas.

Instalador/ora de telecomunicacións en edificios de vivendas.

Instalador/ora mantedor/ora de equipamentos e instalacións de telefonía.

Montador/ora de instalacións de enerxía solar fotovoltaica.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción aos sistemas dixitais	Principios básicos da electrónica dixital, leis . Tipos de sistemas dixitais	40	31
2	Análise de circuitos secuenciais	Estudo dos sistemas secuenciais, simboloxía. Aplicacións	14	11
3	Compoñentes electrónicos	Estudo dos distintos compoñentes pasivos e activos	34	26
4	Fontes de alimentación	Tipos de fontes, compoñentes e aplicacións	10	8
5	Circuitos amplificadores	Aspectos constructivos, elementos, funcionamento e aplicaicóns	10	8
6	Sistemas electrónicos de potencia	Elementos dun sistema de potencia, funcionamento e aplicicóns	10	8
7	Osciladores e temporizadores	Elementos deste tipo de circuitos, funcionamento e aplicacións	10	8

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción aos sistemas dixitais	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece circuitos lóxicos combinacionais, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Utilizáronse diversos sistemas de numeración e códigos.
CA1.2 Descríbironse as funcións lóxicas fundamentais utilizadas nos circuitos electrónicos dixitais.
CA1.3 Representáronse os circuitos lóxicos mediante a simboloxía acaída.
CA1.4 Interpretáronse as funcións combinacionais básicas.
CA1.5 Identificáronse os compoñentes e os bloques funcionais.
CA1.6 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA1.7 Verificouse o funcionamento dos circuitos.
CA1.8 Identificáronse as familias de integrados e a súa aplicación.
CA1.9 Seleccionouse o equipamento de medida axeitado.
CA1.10 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diferentes fabricantes.

4.1.e) Contidos

Contidos
Introdución ás técnicas dixitais. Sistemas dixitais. Sistemas de numeración. Álgebra de Boole. Funcións lóxicas. Simboloxía. Equipamentos de medida.
Análise de circuitos con portas lóxicas. Tipos de portas lóxicas: NOT, OR, AND, NOR, NAND e EXOR. Circuitos integrados e familias lóxicas.
Análise de circuitos combinacionais. Codificadores e decodificadores. Multiplexores e demultiplexores. Comparadores.
Software de simulación.
Aplicacións prácticas con circuitos combinacionais.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Análise de circuitos secuenciais	14

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece circuitos lóxicos secuenciais, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse diferenzas entre circuitos combinacionais e secuenciais.
CA2.2 Descríbóronse diferenzas entre sistemas síncronos e asíncronos.
CA2.3 Identifícaronse os compoñentes e os bloques funcionais.
CA2.4 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA2.5 Utilizáronse os instrumentos lóxicos de medida axeitados.
CA2.6 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA2.7 Verificouse o funcionamento de circuitos básicos secuenciais.
CA2.8 Descríbóronse aplicacións reais dos circuitos con dispositivos lóxicos secuenciais.
CA2.9 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diversos fabricantes.

4.2.e) Contidos

Contidos
Análise de circuitos secuenciais.
Biestables (asíncronos e síncronos) RS, JK, T e D.
Rexistros de desprazamento.
Contadores.
Simboloxía.
Equipamentos de medida.
Software de simulación.
Aplicacións prácticas con circuitos secuenciais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Compoñentes electrónicos	34

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece circuitos de rectificación e filtraxe, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñécéronse os compoñentes.
CA1.1.1 Recoñécéronse os compoñentes pasivos
CA1.1.2 Recoñécéronse os compoñentes activos
CA1.2 Descríbóronse os parámetros e as magnitudes que caracterizan os circuitos con compoñentes pasivos.
CA1.3 Utilizáronse os instrumentos de medida axeitados: multímetro, osciloscopio, etc.
CA1.4 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA1.5 Relacionáronse os compoñentes cos símbolos que aparecen nos esquemas.
CA1.6 Descríbóronse os tipos de rectificadores e de filtros.
CA1.7 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA1.8 Obtivéronse os parámetros e as características eléctricas dos compoñentes dos sistemas.
CA1.8.1 Obtiveronse as características dos compoñentes activos
CA1.8.2 Obtiveronse as características dos compoñentes pasivos
CA1.9 Descríbóronse as aplicacións reais deste tipo de circuitos.
CA1.10 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diversos fabricantes.

4.3.e) Contidos

Contidos
Compoñentes pasivos: tipos, características e aplicacións. Resistencias fixas e axustables, e potenciómetros. Condensadores. Bobinas. Transformadores.
Compoñentes activos: tipos, características e aplicacións. Diodos semicondutores. Rectificación. Filtros. Transistores. Compoñentes optoelectrónicos: led, fotodiodos, fototransistores e optoacopladores.
Simboloxía.
Instrumentación en electrónica analóxica: multímetro, osciloscopio, etc.
Software de simulación.

Contidos

Técnicas de soldadura e desoldadura nas montaxes electrónicas.

Montaxe e experimentación de circuitos.

Montaxe de circuitos empregando compoñentes pasivos e activos

Comprobación do funcionamento dos circuitos

Detección de avarias

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Fontes de alimentación	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece fontes de alimentación, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as diferenzas entre fontes conmutadas e non conmutadas.
CA2.2 Descríbiuse o funcionamento dos bloques que compoñen os sistemas completos de alimentación.
CA2.3 Identifícanse as características máis salientables proporcionadas por fabricantes consultando información técnica e comercial.
CA2.4 Descríbense as configuracións de circuitos reguladores integrados.
CA2.5 Utilízanse os instrumentos de medida axeitados: multímetro, osciloscopio, etc.
CA2.6 Descríbense as aplicacións reais.
CA2.7 Verifícase o funcionamento de fontes conmutadas.
CA2.8 Descríbense aplicacións reais das fontes conmutadas.

4.4.e) Contidos

Contidos
Fontes lineais: estabilización e regulación con dispositivos integrados.
Fontes conmutadas: características e fundamentos. Bloques funcionais. Modulación PWM. Convertedores.
Montaxe de fontes de alimentación.
Equipamentos de medida e comprobación.
Aplicacións prácticas das fontes de alimentación.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Circuitos amplificadores	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece circuitos amplificadores, e determina as súas características e as súas aplicacións.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse os tipos de circuitos amplificadores.
CA3.2 Descríbóronse os parámetros e as características dos circuitos amplificadores.
CA3.3 Identifícanse os compoñentes cos símbolos que aparecen nos esquemas.
CA3.4 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA3.5 Verificouse o seu funcionamento.
CA3.6 Utilizáronse os instrumentos de medida axeitados.
CA3.7 Descríbóronse aplicacións reais dos circuitos amplificadores.
CA3.8 Consultouse e interpretouse información técnica e comercial de diversos fabricantes.

4.5.e) Contidos

Contidos
Tipos e características dos circuitos amplificadores.
Simbología e identificación de compoñentes.
Amplificadores operacionais. Funcionamento básico: parámetros e características fundamentais. Aplicacións básicas con dispositivos integrados. Montaxes básicas con amplificadores operacionais.
Equipamentos de medida e comprobación.
Aplicacións prácticas dos amplificadores.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Sistemas electrónicos de potencia	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Recoñece sistemas electrónicos de potencia, e verifica as súas características e o seu funcionamento.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Recoñécéronse os elementos dos sistemas electrónicos de potencia.
CA4.2 Identificouse a función de cada bloque do sistema.
CA4.3 Enumeráronse as características máis salientables dos compoñentes.
CA4.4 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA4.5 Verificouse o funcionamento dos compoñentes (tiristor, diac, triac, etc.).
CA4.6 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA4.7 Utilizáronse os instrumentos de medida adecuados.
CA4.8 Visualizáronse os sinais máis significativos.
CA4.9 Describíronse aplicacións reais dos sistemas de alimentación controlados.
CA4.10 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diversos fabricantes.

4.6.e) Contidos

Contidos
Tiristor, fototiristor, triac e diac.
Aplicación a sistemas de alimentación controlados.
Equipamentos de medida e comprobación.
Verificación do funcionamento dos compoñentes.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Osciladores e temporizadores	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Recoñece circuitos de temporización e oscilación, e verifica as súas características e o seu funcionamento.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Recoñecéronse os compoñentes dos circuitos de temporización e oscilación con dispositivos integrados.
CA5.2 Describiuse o funcionamento de temporizadores e osciladores.
CA5.3 Verificouse o funcionamento dos circuitos de temporización e dos circuitos osciladores.
CA5.4 Identificouse a simboloxía normalizada.
CA5.5 Utilizáronse os instrumentos de medida adecuados.
CA5.6 Montáronse ou simuláronse circuitos.
CA5.7 Visualizáronse os sinais máis significativos.
CA5.8 Descríronse aplicacións reais dos circuitos con dispositivos integrados de temporización e oscilación.
CA5.9 Consultouse e interpretouse a información técnica e comercial de diversos fabricantes.

4.7.e) Contidos

Contidos
Temporizadores.
Osciladores.
Equipamentos de medida e comprobación.
Aplicacións prácticas dos circuitos de temporización e de oscilación.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles son os enumerados nos criterios de avaliación (apartado c de cada unha das unidades didácticas).

A nota mínima para superar o módulo é dun 5. Empregaranse de forma xenérica 2 tipos de instrumentos de avaliación probas escritas e prácticas.

Hai que obter unha nota igual ou superior a 5 na cualificación media ponderada das unidades de cada avaliación.

Se en calquera proba escrita (PE) se detecta que algún alumno/a está copiando, será expulsado/a e a cualificación desa proba será 0 e terá que, obrigatoriamente recuperala para superar o módulo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será continua e formativa sempre e cando trate sobre os mesmos temas, avaliando os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridas e o traballo individual e en grupo.

A cualificación correspondente a cada sesión de avaliación estará composta pola media das notas obtidas nas diferentes unidades de traballo rematadas ou non, nesa sesión de avaliación e puntuadas como se indica no seguinte cadro, sendo unha cualificación de 0 a 10:

Unidade didáctica (ou parte da unidade didáctica explicada cara a esa avaliación):

1. Contidos Conceptuais: 40% Exame escrito
2. Contidos Procedimentais 1: 50% Prácticas de taller ou exercicios prácticos, podendo facerse un exame práctico. A cualificación quedará dividida entre exame e prácticas.
3. Contidos Procedimentais 2: 10% Traballos e entrega de tarefas.

É indispensable entregar todas as prácticas en prazo. Se están entregadas é posible recuperalas si non están entregadas estarán suspensas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno/a que necesite recuperar algunha das Unidades Didácticas, sempre que non perda o dereito a avaliación continua, terá oportunidade de facelo ó longo do curso, mediante probas escritas e prácticas de recuperación que permitan avaliar os coñecementos, habilidades e destrezas adquiridas en cada unidade didáctica.

Ao rematar o cada trimestre, haberá unha oportunidade extra de recuperar as unidades non superadas cando a nota media ponderada fose inferior a 5 con probas escritas similares ás ordinarias e probas de desempeño tamén similares.

A todo o alumnado con partes non superadas ao rematar o curso, poderá presentarse a unha última proba final de toda a materia que será a mesma e coincidirá coa da avaliación extraordinaria (para os que perderon o dereito á avaliación continua) na cal se terá que avaliar de toda a materia do módulo.

Nas probas escritas de recuperación durante a avaliación continua a nota máxima será, con carácter xeral, de 5 para as medias (aínda que a nota

obtida sexa maior non se terá en conta)

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Esta proba será realizada no mes de xuño, en datas que acorde o departamento de electricidade que se anunciarán coa antelación suficiente, publicándoas no taboleiro de anuncios do IES Punta Candieira (Cedeira). A proba final será unha proba por escrito na que constará tamén unha realización práctica no taller onde se avalíen os contidos mínimos do módulo, constará de varias partes:

Unha proba escrita na que se deberán de contestar preguntas curtas ou de resposta múltiple e un caso práctico. A duración será de 1 hora e pesará o 50% da nota.

Representación ou simulación dun esquema. A duración será de 1 hora e pesará o 20%.

Montaxe e comprobación dun esquema. A duración da proba será de 2-3 horas. O valor desta proba é do 30%.

Non se pode superar a proba se unha das partes se cualifica con menos do 25%. O reparto do tempo é libre, é dicir, si se remata unha parte pódese empregar o tempo nas seguintes partes.

Hai que recordar que a perda de dereito da avaliación continua non implica que o alumnado poda asistir á clase, entregar tarefas para ser corrixidas ou preguntar dúbidas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para a avaliación da programación :

Farase un seguimento da programación por trimestre consistente na análise das unidades didácticas impartidas na aula con respecto ao programado ao inicio do curso e establecendo ,para poder no seguinte curso implementar as correccións necesarias. A ferramenta para realizar este seguimento é unha táboa comparativa da duración das UD programada e real, xunto coas observacións pertinentes.

Con estas tres ferramentas realizaremos unha reflexión sincera que se plasmará nos informes finais que se deben de entregar ao xefe de Departamento no mes de xuño e que servirá como realimentación para o deseño de cursos sucesivos.

En calquera caso e independentemente do xa exposto, se durante o curso se detecta unha medida necesaria para mellorar a práctica docente non contemplada, será exposta e considerada xa sexa a nivel do propio docente, a nivel de departamento ou a nivel de Xefatura de Estudos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial do alumnado co obxecto de coñecer a súa formación previa e as súas características, así como as súas capacidades. Para iso, os alumnos-as cubrirán un cuestionario sobre conceptos xenéricos de electricidade e matemáticas.

Este cuestionario será completado e contrastado polo docente, en base á observación do alumnado durante a realización das actividades que leven a cabo nas primeiras semanas do curso, os informes doutros docentes de anos anteriores cando sexa o caso e en base á súa experiencia.

Os resultados desta avaliación exponerse na reunión de avaliación inicial que se leva a cabo neste centro nas primeiras semanas do curso. Nesta reunión decidirase si se aplican medidas de atención á diversidade ou se toma algunha medida con alumnado con necesidades específicas.

Tamén, ao comezo de cada bloque de contidos realizarase unha introdución oral, con preguntas orais rápidas, para comprobar os coñecementos previos de que parte o alumnado e determinar o grao de dificultade das explicacións e actividades.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O alumnado terá a oportunidade de repetir tanto a proba escrita como as prácticas de montaxe ou simulación, posto que son de curta duración.

Durante as montaxes, solicitarase a axuda do alumnado máis aventaxado, unha vez que rematen as súas tarefas, para que apoie ao alumnado con maiores dificultades ou máis atrasados na execución de montaxes.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Educación para a saúde:

Traballarase a atención e respecto das normas de uso e seguridade de ferramentas e máquinas, así como a orde e limpeza do posto de traballo.

Educación moral e cívica:

Traballarase o fomento de actitudes de respecto cara ás persoas, sexa cal sexa a súa condición social, sexual, racial ou as súas crenzas, valorando o pluralismo e a diversidade.

Educación para a paz:

Traballarase a actitude fronte ao conflito, vendo este como un proceso natural e consustancial á existencia humana que, ben canalizado, axuda a clarificar intereses e valores, converténdose entón nun proceso creativo.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos:

A idéntica dedicación e trato a ambos os sexos evitando actitudes protectoras cara ás alumnas e asignando tarefas en función das capacidades individuais do alumno-a sen ter en conta o seu sexo, servirán de exemplo e base para consolidar esta igualdade.

Educación medioambiental e do consumidor:

Potenciaranse actitudes persoais de aproveitamento de recursos tanto materiais como enerxéticos na aula.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non hai previstas actividades asociadas a este módulo

10.Outros apartados

10.1) Metodoloxía e medidas excepcionais

Empregarase en todas as unidades didácticas a AULA VIRTUAL comprobando que todo o alumnado accede a ela tanto desde un PC como desde o teléfono móbil.

Aquí terán todos os contidos, os apuntamentos, os boletíns, as actividades e as tarefas propostas, así como os foros para plantexar calquera dúbida que xurda e poder ser resolta.

Incorpóranse como recursos o curso de Electrónica na Aula Virtual do centro, ordenador con conexión a internet para o profesor e para cada alumno e un software ou plataforma para a realización de simulacións de circuitos eléctricos e electrónicos.

A Aula Virtual permite acceso aos contidos teóricos, realización e envío de tarefas, e comunicación entre alumnos e profesores.

Todas as unidades didácticas incorporan as seguintes actividades:

- Realización de tarefas na libreta e na aula virtual.
- Realización de prácticas no taller e no simulador.

Todos os contidos teóricos, tarefas e exercicios estarán disponibles na Aula Virtual, no curso correspondente. Os alumnos combinarán os traballos na libreta coa entrega de traballos na Aula Virtual.

Todas as actividades de taller que poidan ser realizadas cun simulador, faranse nas dúas modalidades.

Ao inicio do presente curso o tutor do grupo realizou unha enquisa ao alumnado, detectando, os casos nos que os/as alumnos/as non dispoñen de medios para a docencia telemática. De darse dito escenario, esta situación será solventada dende o centro e a Consellería.